

USOS de QUE

PRONOME

TÓNICO Pronome (interrogativo - exclamativo)	ÁTONO Pronome relativo
• Suxeito (SUX): <i>Que aconteceu?</i> • Complemento directo (CD): <i>Que me dixeches?</i> • Atributo (ATR): <i>Que é iso?</i> • Suplemento (SUPL): <i>De que me falas?</i> • Complemento indirecto (CI): <i>A que dedica o tempo libre?</i> • Complemento circunstancial (CC): <i>Por que fas iso?</i> • Modificador (MOD.): <i>En nome de que actúas así?</i> • Determinante (DET.): Pode determinar a calquera substantivo, masculino ou feminino, singular ou plural: <i>En que libro o liches?</i> <i>A que hora quedamos?</i> <i>Que nenos máis travesos!</i> <i>Que cousas se che ocorren!</i>	Admite calquera antecedente, masculino ou feminino, singular ou plural, ou neutro. Pode ter como antecedente, mesmo, un adxectivo ou un adverbio: ➤ <i>Listo que é!</i> ➤ <i>Hai que ver o tarde que chegaches!</i> Ademais da súa función como nexo subordinante, desempeña na oración de relativo a función que lle corresponda. Por exemplo: ➤ Suxeito (SUX): <i>O empregado que me atendeu era moi amable</i> ➤ Complemento directo (CD): <i>Iso que dis non é certo; eu non quero que te vaías</i> ➤ Atributo (ATR): <i>Por moi barato que sexa ese coche, non o compro</i> ➤ Suplemento (SUPL): <i>Este é o libro de que che falei</i> ➤ Complemento circunstancial (CC): <i>O pobo en que nacín é pequeno .</i>

CONXUNCIÓN

- Repítoche que non o sei; non teño ganas de que me molesten
- Dígocho para que o saibas; xa que mo pides, fareino.
- O meu traballo é máis duro que o teu
- Adquiriu TAL dimensión QUE todos falaban diso
- Voume, que teño que ir a Lugo
- Quita esa máscara, que che vexamos a cara
- Esa maleta é del, que non miña
- Queiras que non, iso farase así

Na fala coloquial:

- Non subas aí, que vas caer (causal);
- Achégate, que te vexa ben (final)
- Está QUE trina (Sobreenténdese tan enfadado)
- Bailas QUE dá gusto (Sobreenténdese tan ben).
- Que vas caer!
- Que me pase isto a min, aos meus anos!
- Que che vaia ben
- Que non quere comer? Pois que quere?
- Ou sexa, que es feliz
- A que non me alcanzas
- Claro QUE ten razón
- QUE tamén te enganou